

BIBLIOGRAFÍA

SOBRE DISCURSOS PERSUASIVOS E PRESENTACIÓNS

Destes libros están tomadas, aprendidas ou inspiradas
case todas as propostas e ideas para o curso. Pasarédelo ben léndoos!
Nos demais documentos dispoñibles na aula virtual aparecen máis referencias bibliográficas.

Álvarez Marañón, Gonzalo, *El arte de presentar*, Barcelona, Gestión 2000, 2012.

Deste libro están tomadas moitas ideas para a creación de actividades destinadas ao alumnado para escribir discursos. É un manual verdadeiramente útil.

Campo Vidal, Manuel, *¿Por qué los españoles comunicamos tan mal?*, Barcelona, Plaza y Janés, 2008.

É unha fantástica reflexión sobre a pouca importancia que lle concedemos á comunicación eficaz. Non aporta solucións prácticas, pero é un excelente punto de partida para facernos conscientes da dimensión do problema.

Castanyer, Olga, e Ortega, Estela, *Asertividad en el trabajo. Cómo decir lo que siento y defender lo que pienso*, Barcelona, Random House, 2013.

As autoras definen a asertividade como a capacidade de autoafirmar os propios dereitos respectando os dereitos dos demais. É un libro moi ben estruturado con consellos e recomendacións moi prácticas, que son aplicables no traballo e na vida persoal. Máis que recomendable.

Cialdini, Robert, *Pre-suasión. Un método revolucionario para influir y persuadir*, Barcelona, Penguin House, 2017:

Aínda que non é tan revolucionario e novidoso como promete o título, é probablemente o libro máis exitoso en cuestións comunicativas dos últimos anos. Pode ser especialmente interesante o terceiro capítulo, no que explica seis vías para conseguir cambios nas persoas: son os que o autor denomina “principios universais de influencia”.

Cicerón, *El orador*, Madrid, Alianza, 2001.

Deste libro aprendemos que inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio seguen sendo o camino que debemos seguir á hora de escribir unha presentación. ¿É o resto da bibliografía aquí citada un conxunto de notas a pé de páxina da obra de Cicerón (conforme se di que toda a historia da filosofía é un conxunto de notas a pé de páxina da obra de Platón)?

Duarte, Nancy, *Resonancia. Cómo presentar historias visuales que transformen a tu audiencia*, Barcelona, Gestión 2000, 2012.

Duarte, Nancy, *Slide:ology. Arte y ciencia para crear presentaciones convincentes*, Barcelona, Conecta, 2011.

Se estamos interesados nas presentacións, os dous libros de Nancy Duarte son de lectura obrigada. O primeiro axuda a crear discursos. O segundo axuda a crear diapositivas. Nancy Duarte ten unha empresa que dedicada á creación de presentacións e discursos. Os seus libros tiveron unha extraordinaria repercusión en Estados Unidos. Probablemente sexan os dous mellores libros para comezar.

Fuentes, Catalina e Alcalde, Esperanza, *La argumentación lingüística y sus medios de expresión*, Madrid, Arco Libros, 2007.

As autoras defende a dimensión argumentativa que teñen todos os textos, sexan do tipo que sexan.

Gottesman, Deb, e Mauro, Buzz, *Técnicas para hablar en público utilizando las estrategias de los actores*, Barcelona, Urano, 2002.

Un bo manual para traballar a actio.

Heath, Chip, e Heath, Dan, *Pegar y pegar*, Madrid, LID, 2008.

Deste manual collemos as 6 características dun discurso persuasivo eficaz. É unha análise moi sinxela dos discursos persuasivos.

Jame, Judi, *La biblia del lenguaje corporal*, Barcelona, Planeta, 2010.

Un libro de lectura moi sinxela e agradable para dominar a linguaxe non verbal. As recomendacións acompañanse de gráficos e ilustracións moi esclarecedoras.

Kawasaki, Guy, *El arte de cautivar: cómo se cambian los corazones, las mentes y las acciones*, Barcelona, Gestión 2000, 2011.

O autor traballou durante moitos anos con Steve Jobs levando os aspectos comunicativos de Apple. Non se centra nas presentacións, se non que se trata dun manual sobre a comunicación no mundo da empresa. Resulta moi ameno, aínda que algunhas recomendacións parece bastante cuestionables.

Kahnweiler, Jennifer B., *Influir silenciosamente*, Barcelona, Urano, 2013.

Na estela de Susan M. Cain, a autora defende que as persoas introvertidas, e en contra da tendencia a dar primacía á extraversión, deben seguir sendo introvertidas para que poidan comunicar eficazmente. O libro ofrece estratexias concretas para poder influír en persoas e organizacións sen necesidade de alzar moito a voz. Libro moi recomendable para aquelas persoas que afirman que non se lles dá ben falar en público.

Lakoff, George, *No pienses en un elefante: lenguaje y debate político*, Madrid, Editorial Complutense, 2007.

Este breve manual tivo un éxito extraordinario hai uns anos. É un excelente achegamento ao discurso político en Estados Unidos. Desde unha perspectiva demócrata (ao que non quita que lle tire continuamente das orellas aos políticos demócratas do momento pola súa inxenuidade comunicativa) analiza as intelixentes sutilezas dos discursos republicanos (léase, George Bush fillo e os neoconservadores) para conectar os seus discursos cos valores dominantes.

Leith, Sam, *¿Me hablas a mí? La retórica de Aristóteles a Obama*, Madrid, Taurus, 2012.

O autor lémbra-nos a importancia da artes e técnicas da retórica clásica para escribir discursos. Ten un capítulo especialmente bonito no que se fai esta pregunta: se aceptamos que as palabras son máis poderosas que as armas, por que hai numerosísimas estatuas dedicadas ao soldado descoñecido e por que non hai ningunha dedicada ao escritor de discursos descoñecido (é dicir, os escritores que escriben os discursos dos políticos en momentos históricos clave)?

Lyons, Dan, *Cállate. El poder de mantener la boca cerrada en un mundo de ruido incesante*, Madrid, Capitán Swing, 2023.

Cala, pregunta e escoita. Falamos máis da conta. Todo o mundo ten algo que dicir. E de maneira desaforada. O autor recomenda apagar aparatos, eliminar redes sociais, deixar de dar leccións, deixar de interromper, deixar de opinar sobre o que non sabemos. O autor da

pautas para seleccionar as poucas veces nas que debemos falar, e ofrece estratexias para comunicarnos laconicamente para ser influíntes. Cállate é o libro sobre a arte de falar máis necesario no mundo de hoxe.

McCandless, David, *La información es bella*, Barcelona, RBA, 2012.

É un excelente e entretidísimo libro dunha gran beleza visual. Preséntanos moitísimas maneiras distintas de presentar datos e informacións. É unha referencia obrigada para crear diapositivas atractivas e innovadoras.

Mortensen, Kurt W., *El arte de influir en los demás: dominando las 12 leyes de la persuasión*, Barcelona, Gestión 2000, 2007.

Trátase dun excelente e rigoroso estudo sobre a claves dun discurso persuasivo eficaz.

Núñez, Antonio, *Será mejor que lo cuentes*, Barcelona, Empresa activa, 2007.

A tese que defende este libro inspira a actividade plantexada no obradoiro: as historias son persuasivamente máis eficaces que os datos. Inscríbese na tendencia chamada storytelling, que considera que as narracións son as mellores ferramentas comunicativas.

Reynolds, Garr, *Presentación Zen: ideas sencillas para el diseño de presentaciones*, Madrid, Prentice-Hall, 2009.

É probablemente o manual máis influínte para a creación de diapositivas. Critica ás diapositivas saturadas de imaxes e texto e defende o deseño minimalista, sinxelo e eficaz. Xunto cos libros de Nancy Duarte, é a outra lectura obrigada para o deseño de presentacións creativas. Non deixedes de darlle un vistazo.

Roam, Dan, *Tu mundo en una servilleta. Resolver problemas y vender ideas mediante dibujos*, Barcelona, Gestión 2000, 2010.

Este é o libro indicado para os que debuxamos mal. O autor defende que a mellor maneira de presentar ideas é debuxando esas ideas. E di que todos estamos capacitados para facelo: non hai que ser un artista para atreverse a debuxar diapositivas.

Salas, Carlos, *Las once verdades de la comunicación*, Madrid, LID, 2010.

O autor presenta unha serie de propostas sobre a comunicación no mundo da empresa (que son moi útiles para traballar nas clases: por exemplo, fálanos de como comunicarnos a través das redes sociais, de como escribir unha nota de prensa, de como empregar o correo electrónico...). Ten un excelente capítulo sobre a creación de presentacións cun título

significativo: 'Non aburras aos demais coas túas presentacións'. Del recollemos moitas ideas sobre as características que deben ter as presentacións.

Salmon, Christian, *Storytelling*, Barcelona, Península, 2008.

Este é quizais o manual máis coñecido sobre storytelling. Hai nel unha reflexión moi interesante: coidado coa manipulación inherente a convencer contando historias. A sedución das narracións pode facernos esquecer a reflexión racional e a toma de decisións sobre os datos e os feitos.

Vilches, Fernando (ed.), *Manual de retórica parlamentaria*, Madrid, Asamblea de Madrid, 2007.

Este libro ofrece un amplo catálogo de técnicas argumentativas tomadas da retórica clásica. Un dos mellores capítulos é o dedicado á análise das falacias argumentativas.